PEL NUMERADO
ORPORACIÓNS
LOCAIS

SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA 18/XANEIRO/2001

SUMARIO

DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

MOCIÓN S/SUPRESIÓN PEAXE NA PONTE DE RANDE E NO TRAXECTO REDONDELA-VIGO DA A-9.

Na Casa do Concello de Redondela, sendo as vinte horas e trinta minutos do día **dezaoito de xaneiro do ano dous mil un**, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. XAIME REI BARREIRO, e a asistencia dos/as Sres/as Concelleiros/as: D. MANUEL JAVIER NÚÑEZ SALGADO, D. EMILIO GONZÁLEZ IGLESIAS, DONA. Mª DEL PILAR MARTÍNEZ GONZÁLEZ, DONA. Mª DEL CARMEN RODRÍGUEZ CUNHA, D. ALEJANDRO BASTOS FERNÁNDEZ, D. MANUEL IGLESIAS CARRERA, D. CARLOS GONZÁLEZ FERNÁNDEZ, Dª. Mª. DEL CARMEN RODRÍGUEZ RIVAS, D. MANUEL RAMÓN CONDE ROMERO, D. EMILIO SÁNCHEZ SANTORIO, Dª. AURORA ALONSO MONTEAGUDO, D. JOSE LUIS ALONSO BASTOS, D. MANUEL PUENTES SAAVEDRA, D. LUIS MÍGUEZ BOULLOSA, D. PABLO REBANAL FERNÁNDEZ, D. XOSÉ CARLOS PAZOS DOCAMPO, DONA. CECILIA PÉREZ ORGE, D. XOSÉ LUIS GRANDE GRANDE e DONA. ÁNXELES GONZÁLEZ GÓMEZ, actuando como Secretario o titular da Corporación D. LUÍS TORRADO VÁZQUEZ, constitúese o Pleno do Concello, en sesión extraordinaria e urxente, conforme á convocatoria e de acordo coa Orde do Día remitida a todos os Sres/as Concelleiros/as.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria, procedéndose a tratar os puntos da Orde do Día.-

DECLARACIÓN DE URXENCIA DA PRESENTE SESIÓN

Aberta a sesión pola Presidencia indícase que de conformidade co establecido nos artigos 46.2.b) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 11/99 do 21 de abril, 210.2.b) da Lei 5/97 do 22 de xullo de Administración Local de Galicia e 79 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, faise preciso o pronunciamento do Pleno sobre a urxencia da convocatoria, para tratar a moción de data 16 de xaneiro de 2001, sobre a supresión da peaxe na Ponte de Rande e no traxecto Redondela-Vigo da A-9.

Apreciada ésta o Concello Pleno, en votación ordinaria e por unanimidade dos/as Sres/as asistentes acordou ratifica-la urxencia da convocatoria.

MOCIÓN S/SUPRESIÓN PEAXE NA PONTE DE RANDE E NO TRAXECTO REDONDELA-VIGO DA A-9.

Pola Presidencia dase conta da moción presentada polos Grupos políticos que forman a Corporación Municipal, en data 16 de xaneiro de 2001, que dí:

Dias atrás apareceron nos meios de comunicación informacións segundo as cais se asinou un protocolo entre a Conselleria de P.T.O.P. e V. e a Deputación Provincial de Pontevedra, en aplicación do cal se subvencionaria a utilización da Ponte de Rande, na A-9, parao os/as veciños/as de Cangas e Moaña, e para algúns/has veciños/as de Vigo.

Tendo en conta os reiterados acordos adoptados pola Corporación Municipal de Redondela sobre a necesidade e a xustiza da supresión da peaxe na Ponte de Rande e no traxecto de Redondela a Vigo.

Tendo en conta os compromisos asumidos polo Conselleiro de P.T.O.P. e V., así como polo actual Vice-Presidente do governo, Sr. Rajoi, de suprimir a peaxe nos devandtios trozos.

Considerando que a posíbel efectivizasión do devandito protocolo, suporia unha discriminación dos/as veciños/as de Redondela, así como dos demais concellos da zona non incluidos no protocolo. E valorando que de perfeccionar-se e aplicar-se o protocolo, estariamos de novo nunha situación de discriminación para Galiza, ao ter que facer fronte con fundos da Xunta e máis da Deputación a unha reivindicación solucionada noutras zonas do estado polo Ministerio de Fomento, é polo que os Grupos Políticos que forman a Corporación Municipal ao Pleno propoñen a adopción do seguinte acordo:

1.- Esixir a supresión da peaxe na Ponte de Rande e no traxecto Redondela-Vigo da A-9.

2.-Comunicar o acordo de esta reiterada reinvindicación ao Conselleiro de P.T.O.P. e V. E ao Ministerio de Fomento.

Pola Presidencia ábrese o correspondente turno de **debate**:

Concedida a palabra pola Presidencia polo Concelleiro Sr. Pazos Docampo, se sinala que se trata dunha reinvidicación popular apoiada por todos/as os/as Concelleiros/as presentes nesta sesións dos distintos Grupos políticos que compoñen esta Corporación Municipal.

O Pleno do Concello, por unanimidade dos/as Sres/as Concelleiros/as asistentes acordou prestarlle a súa aprobación á moción antes transcrita.

E, non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dase por rematada a presente sesión, sendo as vinte horas e cuarenta e cinco minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que, se extende a presente Acta, que se inscribiu no Libro dende o folio oitenta e dous do Papel Timbrado da Comunidade Autóma de Galicia, Serie A nº 1175990, ata a volta do mesmo, de todo o que, como Secretario, DOU FE.-

O ALCALDE

Asdo: Xaime Rei Barreiro

O SECRETARIO

Asdo: Luís Torrado Vázquez